

**Corrección de erros no prego de cláusulas administrativas da contratación administrativa para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios**

Por acordo da Mesa do Parlamento de 1 de agosto de 2017 aprobouse o prego de cláusulas administrativas da contratación para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios.

No informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior indícase que, unha vez publicados no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 161, do 11 de agosto de 2017, se comprobou a existencia dun erro na redacción do apartado 16 do cadro de especificacións do prego, respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ao facer mención, nos tres graos ou niveis de satisfacción en que é posible cualificar as ofertas, aos criterios que asignen 20 puntos, cando en realidade ningún dos subcriterios asigna 20 puntos. Procede, polo tanto, eliminar dese cadro a mención á puntuación máxima posible de 20 puntos.

Polo tanto, propónselle á Mesa do Parlamento corrixir o apartado 16 do cadro de especificacións do prego cláusulas administrativas da contratación para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios, no referido aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

En consecuencia, ao abeiro do disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas, a Mesa do Parlamento adoptou, na súa reunión do 11 de setembro de 2017, o seguinte Acordo:

1º) Corrixir o apartado 16 do cadro de especificacións do prego cláusulas administrativas da contratación para a prestación do servizo de xestión e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia do recinto do Parlamento de Galicia, e subministración e instalación de equipos destinados á renovación do sistema de detección e alarma de incendios, no referido aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, nos seguintes termos:

Na páxina 43023, no apartado 16 do cadro de especificacións,

- Onde di:

Para a distribución dos puntos de cada apartado estableceranse tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:

Grao	Puntuación máxima 20 puntos	Puntuación máxima 15 puntos	Puntuación máxima 5 puntos
Alto	13-20	12-15	4-5
Medio	6-12	5-11	2-3
Baixo	0-6	0-4	0-1

- Debe dicir:

Para a distribución dos puntos de cada apartado estableceranse tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:

Grao	Puntuación máxima 15 puntos	Puntuación máxima 5 puntos
Alto	12-15	4-5
Medio	5-11	2-3
Baixo	0-4	0-1

2º. Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3º. Publicar esta corrección de erros no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017.

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia